

Rúbrica para avaliar o traballo en equipo

	4 Excelente	3 Satisfactorio	2 Mellorable	1 Insuficiente
Participación e colaboración	Todas as persoas do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando ás demais persoas. (4)	A maior parte das persoas do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando ás demais persoas. (3)	A metade das persoas do equipo participou activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudándose entre si. (2)	Só unha persoa do equipo (ou ningunha) participou de xeito activo nas tarefas propostas e non houbo colaboración nin axuda entre elas/es. (1)
Distribución das tarefas	As tarefas repartíronse de xeito equitativo entre todas as persoas do equipo. (4)	A maior parte das tarefas repartíronse de xeito equitativo entre todas as persoas do equipo. (3)	Só a metade das tarefas repartíronse de xeito equitativo entre todas as persoas do equipo. (2)	Houbo un reparto moi desigual das tarefas entre as diferentes persoas do equipo. (1)
Integración entre as persoas do equipo	Durante a realización de todas as tarefas, as persoas do equipo expresaron libremente as súas opinións e puntos de vista, escoitaron outras opinións e foron quen de chegar a un consenso. (4)	Durante a realización da maior parte das tarefas, as persoas do equipo expresaron as súas opinións con liberdade, escoitaron outras opinións e foron quen de chegar a un consenso. (3)	Durante a realización das tarefas, só a metade das persoas do equipo expresaron libremente as súas opinións, escoitaron outras opinións e lograron poñerse de acordo. (2)	Durante a realización das tarefas, unha persoa do equipo expresou a súa opinión, non houbo diálogo e rematouse impoñendo a opinión dunha soa persoa. (1)
Asunción de funcións e responsabilidades	Todas as persoas do equipo exerceron moi ben as súas funcións e cumpriron á perfección as súas responsabilidades. (4)	A maior parte das persoas do equipo exerceron as súas funcións e cumpriron coas súas responsabilidades. (3)	Só a metade das persoas do equipo exerceron ben as súas funcións e cumpriron coas súas responsabilidades. (2)	Só unha persoa do equipo (ou ningunha) exerceu ben as súas funcións e cumpríu coas súas responsabilidades. (1)